

Iniciación á Intelixencia Artificial – Xullo

Para persoas maiores sen coñecemento de IA.

Obxectivo: Coñecer que é a IA e aprender a usar ferramentas sinxelas como ChatGPT, con actividades prácticas e en grupo.

Contidos principais:

- Que é a Intelixencia Artificial e para que serve. Mitos e realidades.
- Usos prácticos: pedir receitas, escribir mensaxes, lembrar cousas, aprender cousas novas.
- Primeiros pasos con Chat GPT: como facerlle preguntas para mellorar as respostas. Usos do chat GPT no día a día: lembrar cousas, facer a lista da compra, explicarnos unha analítica ou calquer outra cousa en linguaxe clara e coloquial...
- Primeiros pasos para crear imaxes coa IA.

Iniciación á Intelixencia Artificial máis avanzada – Agosto

Para persoas maiores que xa fixeron o curso de iniciación ou xa teñen algo de práctica con IA)

Obxectivo: Explorar ferramentas máis creativas e aprender a usar a IA para crear contido: imaxes, vídeos, historias, etc.

Contidos principais:

- Xeración de imaxes máis complexas (por exemplo: paisaxes, retratos, debuxos), e trucos para que nos debuxe o que lle pedimos de forma óptima e co estilo que queiramos.
- Crear vídeos breves coa axuda da IA, a partir dun texto.
- Chat GPT nivel máis avanzado: Escribir contos, poemas ou cartas, pedirlle que actúe como unha persoa concreta (ex: un cociñeiro, un guía turístico, un profesor...).
- Combinar texto, imaxe e vídeo para facer presentacións ou proxectos persoais.
- Como pedirlle á IA que che corrixa ou mellore un texto, e incluso mellore fotos antigas.
- Proxecto: conversa con ChatGPT como se foses a unha entrevista ou viaxaras a outro país.
- Axudas para a memoria, organización ou aprendizaxe persoal.